



**ASUNTO: COMUNICADO Á OPINIÓN PÚBLICA.**

**O PP de Cedeira leva cos maiores unha política autoritaria, de capricho e despilfarro.**

O menos que se lle debe pedir aos representantes da soberanía popular é **que non causen problemas** alí onde non existen. Pois ben, a actual ubicación do centro de maiores de Cedeira non presentaba ningún problema. Foi a decisión do PP a responsable do grave disgusto provocado entre este segmento da nosa poboación e conseguintemente a toda a veciñanza do municipio. Oitocentas firmas, recollidas non abrir e pechar de ollos expresan fielmente esta desazón.

**A accesibilidade** do actual centro de maiores non ten mácula. Rampas, amplo ascensor e baños, cumpren as normas máis esixentes. No seu día supuxo unha enorme inversión que o goberno do BNG e PSdeG-PSOE levaron a término e os poderes públicos deberían ser quen de amortizar, sexan da cor que sexan.

O actual centro de maiores está enriba do auditorio. Os nosos maiores **poden**, sen esforzo, **acceder ás actividades** culturais que aquí se realicen. Teñen espazos para conferencias, biblioteca, medios audiovisuais, tecnoloxías da información e da comunicación, e posibilidades de ampliación e incorporación de novos espazos que permitan ofrecer servicios de fisioterapia, perruquería, mantemento, cursiños, etc.

O noso centro de maiores está dotado **con toda a infraestrutura** que lle permite contar cun espléndido sistema de climatización, iluminación e moi servida cociña que o fai especialmente idóneo para acoller un público delicado de saúde a ávido de novas ofertas, como as de tipo culinario, na terra onde as materias primas e o amor pola boa cociña forman parte fundamental da nosa carta de presentación.

Nestes momentos de paro e privacións que se estende coma un virus entre a sociedade cedeiresa, meter sen necesidade 48.000 euros, máis IVE (21% se non sube, que subirá), máis electricidade, instalación dun sistema de climatización do que o recién adquirido local carece, combustible, mobiliario, limpeza, etc. aproxímase máis a **prácticas de señoritos ociosos** que ás maneiras dunha sociedade laboriosa e seria.

O actual goberno do PP dificúltanos aos socialistas o acceso ao expediente polo que foi cedido o solo, polas irmás de María Mediadora, para a construción do actual centro de maiores e auditorio. Rubido afirmou no Pleno Extraordinario do venres 29, que descoñecía esa solicitude socialista. O actual alcalde ponse en evidencia, **faltando á verdade desta maneira tan burda**, porque temos a súa contestación, firmada por el, na que nos dan largas para acceder á documentación solicitada (necesidades do servizo, problemas de recopilación,...)



**ASUNTO: COMUNICADO Á OPINIÓN PÚBLICA.**

**O PP de Cedeira leva cos maiores unha política autoritaria, de capricho e despilfarro.**

No pasado Pleno do 29 de novembro, o PP negou o seu compromiso, nin co seu voto no propio pleno, nin coa firma por escrito fóra del, a permitir que os maiores continúen contando co seu centro no auditorio. Utilizar subterfuxios legais para non votar no Pleno, ocultándose detrás dun informe da **nova secretaria xeral** ( sen dúbida “inmaculado”) presentado, por sorpresa para nós, no propio pleno como derradeiro gran argumento, non esconde a actitude escapista do PP. Pon de manifesto, sin embargo, a falta de amparo institucional dos socialistas a respecto do asesoramento leal ao que tamén teñen dereito.

Sen dúbida, esta ausencia de claridade hai que buscala na idea desta dereita rancia e casposa, de meterlles alí actividades que distorsionen a súa tranquilidade. Detrás desta indefinición, os Rubido esconden na manga intencións inconfesables de **facerlles a vida imposible** coa irrupción no seu espacio de colectivos que sempre tiveron esquecidos e que utilizarán para expulsar aos maiores do seu centro.

**O PP ten que explicar** qué hai detrás destas decisións. Qué se propón facer coas magníficas instalacións das que disfruta en Cedeira a xente de idade. Nada informa tampouco do proxecto que quere levar a cabo na Praza Roxa co que tanto se lle enche a boca e do que nada se sabe.

Algo se está cocendo na trastenda do PP, **algo se traen entre mans**, máis aló da patética tozudez de quen non está disposto a rectificar unha pésima decisión. Oitocentas firmas, o reparo da intervención, a investigación do defensor do pobo, as disensión no seo do seu propio grupo, aparte da firme oposición dos 6 concelleiros da oposición, non son quen de facer que o PP, comandados polos irmáns Rubido tome en consideración a súa decisión.

Por todo elo, os socialistas de Cedeira situados ao lado da plataforma que reúne aos maiores, solicitaremos outro **PLENO EXTRAORDINARIO** (Os socialistas poñemos as prerrogativas que nos deron os votantes, máis da legal e necesaria cuarta parte da corporación, ao servizo do que o pobo demande) no que pediremos garantías de calidade para os maiores que desexen **continuar na súa actual ubicación**, e incluso iremos máis alá, reivindicando mecanismos de **xestión democrática** que permita aos maiores, ser parte activa e protagonista no uso destas instalacións.

En Cedeira, a 2 de decembro do 2013

JOSÉ LUIS VERGARA REY

PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA